



Concello de Outeiro de Rei

ACTA

Expediente núm.:	Órgano Colexiado:
PLN/2023/1	O Pleno

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN

Tipo Convocatoria	Ordinaria
Data	23 de febreiro de 2023
Duración	Desde as 13:15 ata as 14:50 horas
Lugar	Casa Consistorial
Presidida por	JOSÉ PARDO LOMBAO
Secretario	Cristina Castro Fuentes

ASISTENCIA Á SESIÓN

DNI	Nome e Apelidos	Asiste
34228266B	Antonio López Pérez (PP)	SÍ
33329791P	Elvira Lombao Vila (BNG)	SÍ
33817919F	JOSÉ PARDO LOMBAO (PP)	SÍ
33834799M	Jesús Fernández García (PP)	SÍ
34222169D	José Yebra Amorín (PP)	NON
33854156L	Luis Varela Pérez (PP)	SÍ
36071720S	Maria del Carmen Acacio Lopez (PSOE)	SÍ
33321284B	María Begoña Seco Varela (PP)	NON
33329706S	María José Martínez Vigo (PP)	SÍ
33327776V	Pilar Méndez Lombao (PP)	SÍ
33840863C	Rita Castedo Meilán (BNG)	SÍ





Concello de Outeiro de Rei

33544829L	Tania Díaz Seijas (PP)	SÍ
33307083R	Xosé Ferreiro Fernández (BNG)	SÍ
Escusas de asistencia presentadas: 1. José Yebra Amorín: «motivos personais» 1. María Begoña Seco Varela: «motivos personais»		

Unha vez verificada polo secretario a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día

A) PARTE RESOLUTIVA

Aprobación da acta da sesión anterior

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Os membros do pleno da Corporación, por unanimidade dos asistentes, aproban a acta da sesión de 29 de decembro de 2022

Expediente 73/2019. Plan de Desenvolvemento (Modificación)

Favorable

Tipo de votación: A favor: 7 votos a favor do grupo municipal do PP e 4 en contra (3 do BNG e 1 do PSdeG-PSOE).

PROPOSTA AO PLENO DA CORPORACIÓN

Expediente 73/2019

José Pardo Lombao, Alcalde-Presidente do Concello de Outeiro de Rei, no exercicio das competencias que me atribúe o artigo 21.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladoras das Bases de Réxime local, propoño ao Pleno da Corporación o seguinte:

Formulado o proxecto de Modificación puntual del plan de sectorización denominado CC1-1ª FASE: AMPLIACION DA ZONA DOTACIONAL DA MANZÁ 2.1 E MODIFICACION DA ORDENANZA SIPS promovido a instancias do Concello de Outeiro de Rei, en cumprimento do establecido no artigo 75 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia y 186.1.a) do decreto 143/2016 polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016 do solo de Galicia

Aprobado inicialmente a Modificación Puntual del Plan de Sectorización CC1-1ª fase para la ampliación da Zona dotacional da mazá 2.1 e modificación da ordenanza





Concello de Outeiro de Rei

SIPS promovido polo concello, seguindo a tramitación de acordo co disposto no artigo 75 da Lei 2/2016 do solo de Galicia e artigo 186 do Decreto 143/2016 polo que se aproba o Regulamento da lei 2/2016, por Decreto de 2 de xaneiro de 2022.

Publicada a aprobación inicial no DOG de 17 de febreiro de 2020 e no Diario El Progreso o 30 de xaneiro de 2022.

Notificada a aprobación inicial a todos os propietarios do Plan de Sectorización modificado puntualmente e solicitados os informes sectoriais preceptivos.

Recibidos os informes sectoriais e analizado o seu contido.

Examinados os informes técnico e xurídico obrantes no expediente

Ditaminado favorablemente pola Comisión Informativa de Asuntos do Pleno celebrada en sesión de 17 de febreiro de 2023

PROPOÑO: Aprobar definitivamente a Modificación Puntual del Plan de Sectorización CC1-1ª fase para la ampliación da Zona dotacional da mazá 2.1 e modificación da ordenanza SIPS promovido polo concello, seguindo a tramitación de acordo co disposto no artigo 75 da Lei 2/2016 do solo de Galicia e artigo 186 do Decreto 143/2016 polo que se aproba o Regulamento da lei 2/2016

En Outeiro de Rei, na data indicada na sinatura electrónica

O Alcalde Presidente

Debate

Auséntase Elvira do BNG.

Explica o sr. Alcalde que se pasa de zona verde a solo dotacional para poder facer gradas ou calquera outra dotación que sexa necesaria ou mais convinte que ter zona verde nun parque empresarial.

Pregunta a concelleira socialista Carmen Acacio si existe algún proxecto para desenvolvemento dese uso dotacional. Contéstaselle polo alcalde que aínda non.

Intervén o concelleiro nacionalista Xosé Ferreiro e di que se trata dunha proposta para reducir ó mínimo legal a porcentaxe de zona verde no polígono industrial.

Di o concelleiro nacionalista que se trata dun dos polígonos industriais mais caros da provincia e onde mais da metade do terreo está sen ocupar. Di o concelleiro que modificar a zona verde trátase dunha especie de fraude aos propietarios orixinais do polígono.

Intervén o sr. Alcalde e di que non lle sorprenden esas afirmacións porque o seu grupo sempre estivo en contra do desenvolvemento urbanístico. Explica o alcalde que os propietarios participaron voluntariamente e non foron expropiados. Que si houberan sido expropiados pagaríase moito menos polo solo ó ser rústico pero que, ó ser eles os promotores, viron como as súas parcelas pasaban de rústico a urbano e por iso os terrenos son mais caros.

(Incorpórase a concelleira Elvira)

Continúa o sr. Alcalde dicindo que é evidente que a política urbanística do Concello é a adecuada porque Outeiro crece, a diferenza da maioría dos Concellos. En relación ao puntos que se trae a Pleno, di o alcalde, adáptase completamente á normativa a proposta de redución de zona verde, sendo a nova zona dotacional a ideal para o campo de fútbol.

Sometida a votación a proposta resulta aprobada por 7 votos a favor do grupo municipal do PP e 4 en contra (3 do BNG e 1 do PSdeG-PSOE).





Concello de Outeiro de Rei

Moción do PSdeG-PSOE reclamando á Xunta que garanta as axudas para a totalidade das explotacións ecolóxicas da provincia de Lugo

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

MOCIÓN RECLAMANDO Á XUNTA QUE GARANTA AS AXUDAS PARA A TOTALIDADE DAS EXPLOTACIÓNS ECOLÓXICAS DA PROVINCIA DE LUGO.

Dende finais do ano 2022, sindicatos labregos e asociacións de produtores ecolóxicos viñeron advertindo da escaseza dos fondos asinados pola consellería de Medio Rural para facer efectivas as axudas ó sector. Unha situación que desgraciadamente se revelou certa, e ten deixado sen axudas ó 54% dos solicitantes das mesmas, un total de 318 agricultores/as e gandeiros/as, a metade deles na provincia de Lugo, así como o 43% das hectáreas solicitantes, podendo supoñer isto o abandono das producións ecolóxicas.

En efecto, a Consellería levaba sen convocar axudas desde o 2016 pero, no 2021, comezou a promover a gandería ecolóxica a través do Consello Regulador da Agricultura Ecolóxica (Craega) e tamén a través doutras entidades de asesoramento anticipando unha nova convocatoria de axudas para o sector no 2022. Como consecuencia, a finais de 2021, había 150 explotacións inscritas en ecolóxico certificadas polo Craega, e, ao mesmo tempo, celebrábanse reunións e cursos para fomentar que moitas explotacións se cambiasen a ecolóxico, coa vista posta nas axudas no ano vindeiro.

As e os produtores ecolóxicos tiñan sinalado xa en novembro do ano pasado que serían precisos arredor de 5,6M€ para cubrir a totalidade das axudas, cando a Xunta só tiña prevista unha partida de 3,1M€, polo que reclamaron solucións á consellería de Medio Rural. De xeito sorprendente, a Consellería respondeu culpando da situación ós produtores/as, polo feito de que se terían incrementado as hectáreas rexistradas neste réxime, que terían pasado das 7.400 no ano 2021 a 12.400 no 2022. Cómpre lembrar que o obxectivo da UE para o ano 2030 é que o 25% da agricultura comunitaria sexa ecolóxica, polo que a boa resposta dos produtores galegos debería de ser un motivo de satisfacción para a Xunta, e non un problema.

A falla de previsión, a incapacidade de xestión e a nula aposta da Consellería de Medio Rural pola produción ecolóxica quedou de novo de manifesto o pasado 16 de xaneiro, na reunión do Consello Agrario Galego. Lonxe de aportar solucións para que os produtores ecolóxicos excluídos das axudas do 2022 poidan percibilas, a Xunta só se comprometeu a estudar propostas de cara a garantir máis fondos no período 2023-2027, deixando sen axudas ós produtores prexudicados na última convocatoria.

Na súa intervención, o conselleiro de Medio Rural, José González, veu recoñecer que non tiña o dato actualizado de cantas hectáreas de terreo estaban declaradas en ecolóxico. A proposta da Xunta de subir as axudas no ano 2023 ata os 3.8M€ segue a ser insuficiente e queda moi por debaixo das cifras apuntadas polos produtores, polo que, de non revisarse,





Concello de Outeiro de Rei

pode anovar o problema ó longo deste ano 2023 e actuar como un freo no desenvolvemento da agricultura ecolóxica na provincia de Lugo e en Galicia.

Segundo relata a Asociación de Asesores Rurais de Galicia nun escrito dirixido ao presidente da Xunta, Alfonso Rueda, a transformación de convencional a ecolóxica supón un gran esforzo: Modificar sistemas de produción, adaptación ás esixencias, investimentos ás gandarías, formación, e demais.

Tanto gandeiros, agricultores coma asesores destacan que o Pacto Verde Europeo, presentado en 2019, recolle como medida acadar un 25% de superficie agraria en ecolóxica para 2030, un obxectivo que será imposible levar a cabo sen o apoio da Xunta.

O Grupo Socialista de Outeiro de Rei ten un firme compromiso coa defensa do sector primario, un sector que aporta riqueza ó PIB, xera emprego e axuda a fixar poboación no rural, especialmente entre os sectores máis novos. A aposta pola agricultura e gandería ecolóxicas é non só unha aposta firme da UE, senón un dos eixos que garanten a modernización e pervivencia do sector. Prexudicar á produción ecolóxica equivale a comprometer o futuro do noso concello, e, por conseguinte, da nosa provincia.

Por iso o Grupo Municipal Socialista somete para o seu debate e posterior aprobación en Pleno esta Moción para:

Instar ao Goberno da Xunta a completar con fondos propios a cantidade orzada para a orde de axudas do ano 2022, na cantidade precisa ata acadar os 5,6M€ necesarios para cubrir as solicitudes presentadas.

- *Instar ao Goberno da Xunta a fornecer economicamente o orzamento destinado para as axudas ás producións ecolóxicas para cada ano do período 2023-2027.*
- *Instar ao Goberno da Xunta a darlle publicidade e transparencia as decisións adoptadas para público coñecemento das e dos produtores en ecolóxica, co fin de que poidan reconducir as súas explotacións evitando perdas económicas inxustificadas.*

Debate

Rematada a lectura, pola concelleira socialista Carmen Acacio, intervén o sr. Alcalde e di que o seu grupo vai votar a favor pero quere puntualizar.

Considera o alcalde que o goberno central tamén debería participar neste asunto.

Explica o alcalde que o Conselleiro de Medio Rural aclarou que se van destinar 9.000.000€ ó ano, 45.000.000€ en 5 anos.

Di que si apoia o seu grupo a moción é porque non quere que exista a mais mínima duda de apoio ós gandeiros polo seu partido, o PP, e por iso o sentido do voto, pero considera que o goberno central debería, igual que o fai a Comunidade Autónoma, aportar diñeiro e asumir a responsabilidade e que non pase como co diñeiro da UE que non se sabe ónde está.

Sometida a votación a moción resulta aprobada por unanimidade dos membros presentes.





Concello de Outeiro de Rei

Moción do PP para que se solicite a desculpe, rectificación e cese inmediato da Ministra e a Secretaria de Estado de Igualdade

Favorable

Tipo de votación: A favor: 7 votos a favor do PP e 4 en contra (3 do BNG e 1 do PSOE).

MOCIÓN PARA QUE SE SOLICITE A DESCULPA, RECTIFICACIÓN E CESE INMEDIATO DA MINISTRA E A SECRETARIA DE ESTADO DE IGUALDADE

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Lei Orgánica 10/2022, do 6 de setembro, de garantía integral da liberdade sexual, coñecida como a Lei do “solo si es si”, modificou o Título VIII do Código penal no relativo aos delitos denominados actualmente de liberdade sexual. Agora todos estes delitos son considerados agresión sexual, cando con anterioridade dividíanse en abusos ou agresións sexuais, segundo a súa gravidade. Aínda máis grave, as penas destes feitos delituosos especialmente lesivos para as mulleres e menores víronse reducidas para dar cabida a delitos de menor envergadura. Esta circunstancia implica que moitos dos condenados por estes feitos poderán acollerse a unha redución das súas penas, pola aplicación obrigatoria do principio de norma máis favorable para o reo, en base ao artigo 2 do Código Penal. Unha circunstancia da que o Grupo Parlamentario Popular avisou durante a tramitación da Lei, sendo entón acusados os seus deputados de difundir bulos, por parte da coalición de Goberno.

O pasado 7 de outubro esta Lei entraba en vigor e o que dicían eran bulos resultaron ser verdades, de feito, a día de hoxe, 14 de febreiro, os medios de comunicación anuncian a posta en liberdade do “violador del portal” que cumpría condena por ter cometido varias agresións sexuais na cidade de Lugo no ano 2016. Grazas a esta lei beneficiase dunha rebaixa na súa condena e queda en liberdade antes do previsto. Nesta data máis que nunca, a corporación municipal de Outeiro de Rei debe manifestar a súa repulsa ás consecuencias desta Lei.

Por todo o exposto, o Grupo Municipal do Partido Popular presenta esta moción coa seguinte

PROPOSTA DE ACORDO

O Pleno da Corporación Municipal acorda:

1.- Instar ao Goberno de España á inmediata revisión, pola vía de urxencia, da Lei Orgánica 10/2022, de 6 de setembro, e para quen cometa delitos sexuais podan ter, canto antes, as mesmas penas que estaban en vigor ata setembro de 2022, e que se viron rebaixadas coa actual regulación.

2.- Instar o Goberno Central a destituír á Ministra de Igualdade, Irene Montero, e a





Concello de Outeiro de Rei

Secretaria de Estado do ramo, Ángela Rodríguez, polas irresponsables e indignas declaracións efectuadas e pola inacción lexislativa para protexer ás mulleres.

3.- Que o concello de Outeiro de Rei non participe en ningún acto institucional ou protocolario con presenza de altos cargos do Ministerio de Igualdade, en sinal de solidariedade con todas as vítimas, ata que non se cumpran as esixencias de rectificación e cesamento aquí expostas. O Partido Popular non participará en ningún acto deste tipo no que o Ministerio tome parte.

4.- Dar traslado deste acordo á Presidencia do Goberno, aos Ministerios de Justicia e Igualdad e á Mesa do Congreso e do Senado.

En Outeiro de Rei, a 16 de febreiro de 2023.

Asdo.: José Pardo Lombao

Portavoz do Grupo Municipal do Partido Popular

Debate

O sr. Alcalde procede á lectura da moción

Explica que a situación é insostenible, 500 penas rebaixadas e mais de 50 reos fora da cárcere por esta Lei. Di que a Ministra, ó ver a situación, en vez de asumir responsabilidades, di que a culpa a ten os xuíces.

Di o sr. Alcalde que , ademáis de ó ver o erro monumental cona Lei, tampouco son capaces de tomar cartas no asunto ó día seguinte senón que a día de hoxe seguen sen facer nada.

Pide o sr. Alcalde ao PSOE e ao BNG que se tomen medidas ó respecto.

Intervén a concelleira socialista Carmen Acacio e di que respecto ó violador do portal, que cré que marchou para Valencia e considera que tiña que dar explicación o xuíz que reduxo a pena.

Di que a Lei non se chama “Solo si é si” senón que se chama Lei de Garantía integral de Libertad Sexual e que se trata da protección da vítima e que votaron contra dela o PP e VOX. Dille ao PP que si está en contra dela, por qué no intre da súa aprobación non presentou enmendadas

Intervén a concelleira nacionalista Elvira Lombao e di que esta lei axuda á muller a poder acusar a un home de violación sen demostrar nada. Que lle da mais seguridade ás mulleres.

Di que parece que ao PP parece que lle molesta que as mulleres teñan mais dereitos.

O sr. Alcalde, logo de escoitar a intervención das concelleiras socialista e nacionalista di que está todavía mais preocupado que antes de empezar o Pleno. Continúa o sr.

Alcalde a súa intervención e di respecto do nome da Lei, que foi a propia Ministra a que che puxo o nome de Solo si é si.

Di o sr. Alcalde que a dicir que a muller xa non ten que demostrar nada para acusar a un home de violación é preocupante, e que sí hai algo que demostrar. Por exemplo, no





Concello de Outeiro de Rei

caso de Dano Alves hai probas.

Di o sr. Alcalde que ao PP sí lle molestan os delitos,todos, por iso lle molesta que se lles baixen as penas aos violadores.

A concelleira socialista Carmen Acacio insiste que se trata dunha mala interpretación da Lei que están facendo algún xuíces.

O sr. Alcalde di que o que está sucedendo co PSOE e que trata de acabar coa separación de poderes e que está moi orgulloso de que o seu partido votase en contra desa Lei

Sométese a votación a moción resultando aprobada por 7 votos a favor do PP e 4 en contra (3 do BNG e 1 do PSOE).

5º.- Mocións de urxencia RELATIVA Á RECUPERACIÓN , CONSERVACIÓN E POSTA EN VALOR DA CAPELA DE SANTA MARÍA DE BRAVOS (VICINTE): Rexeitada

Da lectura o concelleira nacionalista Xosé Ferreiro á moción que presenta por vía de urxencia, para xustificala:

“MOTIVACIÓN DA URXENCIA

A urxencia desta moción está motivada polas seguintes cuestións:

- A data de celebración do pleno ordinario do mes de febreiro foi adiantada polo señor Alcalde de forma unilateral e sen previo aviso, adiantándose nun día con respecto ao que se recolle no Pleno de Organización e/ou modificacións posteriores.

Isto provocou que a convocatoria tamén se adiantara ás datas nas que normalmente se facía, provocando esta circunstancia que esta moción quedase fóra da orde do día, cuestión que podería terse evitado se o señor alcalde aceptase a reiterada proposta do BNG de elaborar e aprobar un Regulamento Orgánico de funcionamento para que non se produciran estes casos.

- Ademais do anterior, a propia situación do ben patrimonial ao que se fai referencia na proposta non pode esperar á celebración do seguinte pleno ordinario, pois de non facerse nada ao respecto de forma urxente, poden producirse danos nese ben patrimonial que xa non teñan solución.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A capela de Santa María, situada no lugar de Bravos (Vicinte), figura como unha construción senlleira dentro da arquitectura relixiosa do Concello de Outeiro de Rei. A súa importancia é considerada de tal modo por diversos investigadores que estudaron este ben patrimonial, entre os cales cómpre citar especialmente a Jaime Delgado Gómez, Francisco Vázquez Saco e Ramón Izquierdo Perrín.

Na citada capela podemos observar elementos arquitectónicos de estilo románico e gótico que, xunto con algún máis actuais, amosan a súa evolución histórica e as diferentes reformas ás cales se viu sometida dende a construción inicial.

De por parte, resulta significativo o papel que tradicionalmente desempeñou este santuario





Concello de Outeiro de Rei

para as persoas veciñas das parroquias da rodeada pertencentes ao mencionado termo municipal de Outeiro de Rei, o veciño de Friol e determinadas freguesías do concello de Lugo. Tal cuestión xustifica a presenza histórica neste emprazamento da Confraría da Virxe do Rosario, fundada en 1704, que conservou o seu funcionamento até os derradeiros anos do século pasado.

A importancia deste ben patrimonial que posúemos é mesmamente recoñecida polos actuais dirixentes do concello, pois resáltase na propia páxina WEB do concello como un dos elementos patrimoniais máis importantes de Outeiro de Rei.

Aínda así, o desleixo que padecen os responsábeis de conservar o noso patrimonio provocaron que a situación desta importante construción se atope en grave risco de deterioro. O estado no que se atopa a cuberta e a falta de mantemento está a provocar graves danos na estrutura e no interior deste ben, cuestión á que hai que engadir a subtracción recente de pezas relacionadas coa capela.

Estas dúas circunstancias citadas, entre outras, son síntomas que deberan xerar alarma e motivar actuación urxentes encamiñadas a evitar tales acontecementos procurando a conservación deste elemento patrimonial tan relevante para o noso concello.

Por todo isto, seguindo na liña construtiva que está a caracterizar todas as propostas do BNG e dende unha total responsabilidade o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego no concello de Outeiro de Rei somete a debate e aprobación polo Pleno deste concello esta MOCIÓN, propoñendo a adopción do seguinte

ACORDO:

Que co obxectivo de consolidar, conservar e poñer en valor este ben patrimonial, o Pleno do Concello de Outeiro de Rei insta ao goberno municipal a emprender as seguintes actuacións:

- 1. Que se fagan as actuacións precisas para incorporar ao patrimonio público a citada Capela de Santa María de Bravos, na parroquia de Vicinte.*
- 2. Que mentres o anterior non sexa efectivo, se proceda a facer os trámites necesarios para impedir que este ben se sega destruindo, procedendo á súa consolidación, conservación e posta en valor.*

Sométese a votación a urxencia da sesión e resulta aprobada por unanimidade.

Di o sr. Alcalde que esta capela é antiquísima. Que o Concello de Outeiro está preocupado polo patrimonio relixioso e lle complace saber que o BNG tamén, pero que é inviable poder atender todas as demandas e necesidades e que esta capela ademáis é de titularidade privada. Di o sr. Alcalde que a prioridade é actuar en capelas que se usan e a xente necesita e que xa se actuou no 100% das Igrexas deste concello.

Di o alcalde que é imposible actuar a corto prazo e que, por ese motivo, non van apoiar a moción

Que o deterioro da capela é responsabilidade do seu dono.

Sométese a votación o fondo da moción resultando rexeitada por 6 votos en contra do PP e 4 a favor (3 do BNG e 1 do PSOE)

6º.- Moción de urxencia, RELATIVA AO COMPROMISO DE ELABORACIÓN DUN PLAN DE IGUALDADE PARA O CADRO DE PERSOAL DO CONCELLO DE OUTEIRO





Concello de Outeiro de Rei

DE REI; Rexeitada

MOTIVACIÓN DA URXENCIA

A urxencia desta moción está motivada polas seguintes cuestións:

- *A data de celebración do pleno ordinario do mes de febreiro foi adiantada polo señor Alcalde de forma unilateral e sen previo aviso, adiantándose nun día con respecto ao que se recolle no Pleno de Organización e modificacións posteriores.*

Isto provocou que a convocatoria tamén se adiantara ás datas nas que normalmente se facía, provocando esta circunstancia que esta moción quedase fóra da orde do día, cuestión que podería terse evitado se o señor alcalde aceptase a reiterada proposta do BNG de elaborar e aprobar un Regulamento Orgánico de funcionamento para que non se produciran estes casos.

- *Ademais do anterior, a celebración do 8 de marzo, Día da Muller Traballadora, representa unha xornada de loita na que se encadra perfectamente o contexto desta moción, sendo moi apropiada para tratar nestas datas, moito mellor que esperar a un pleno posterior.*

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Sabemos que no Concello de Outeiro de Rei existe unha mesa interinstitucional de loita contra a violencia de xénero da cal saen iniciativas para loitar contra esta lacra que está a solarnos. Dado que somos coñecedoras polos medios de comunicación da existencia desta mesa e como dende o BNG de Outeiro sempre temos a intención de traballar pola mellora do concello, traemos a este pleno unha moción para que se cree un plan de igualdade de xénero para o cadro de persoal, algo que por lei debería xa estar feito segundo o decreto 901/2020 do 13 de outubro.

Este plan representa unha vontade real de traballar de forma planificada e sistemática para incorporar a perspectiva de xénero na política municipal. Sería un primeiro paso para avanzar na dimensión interna da política local, máis concretamente na incorporación dunha mirada lilá nesta administración.

Avaliar aspectos como a selección de persoal, o acceso, a promoción, a política salarial, a formación, as condicións de traballo, a saúde laboral, a prevención do acoso sexual ou por razón de sexo, a conciliación e a corresponsabilidade.

Un plan que abrangue á totalidade do cadro de persoal e a tódalas áreas do concello para que así se traballe a igualdade de xénero de forma transversal.

Por todo isto, seguindo na liña construtiva que está a caracterizar todas as propostas do BNG e dende unha total responsabilidade o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego no concello de Outeiro de Rei somete a debate e aprobación polo Pleno deste concello esta MOCIÓN, propoñendo a adopción do seguinte

ACORDO:

O Pleno de Outeiro de Rei insta ao Goberno Municipal a que se comprometa na elaboración dun plan de igualdade de xénero para o cadro de persoal do concello para seguir a promover a igualdade entre homes e mulleres

Xustifica a concelleira nacionalista a presentación da moción urxente pola aproximación do 8M, porque eles sempre apoian os dereitos das mulleres e tamén pola adelantamento do Pleno.





Concello de Outeiro de Rei

O sr. Alcalde contéstalle que a elaboración dun Plan de Igualdade non ten a urxencia deste tipo de asuntos, pero que por cordialidade van votar a favor da urxencia.

Sometida a urxencia a votación, resulta aprobada por unanimidade.

Ó entrar no fondo do asunto, a concelleira nacionalista defende a moción coa súa lectura. O sr. Alcalde di que o 1º Plan de Igualdade do Concello de Outeiro de Rei xa foi aprobado no ano 2004 e o último no ano 2022. Di o sr. Alcalde que a Igualdade ten que ser para todos os colectivos. Que non se trata de facer planes de Igualdade e que logo no se controle o seu cumprimento. Que coñece de concellos onde nas licitacións non se puntuán empresas por non ter plan de Igualdade cando sen embargo teñen no seu cadro de persoal todo mulleres.

Si o sr. Alcalde que en Outeiro de Rei a conciliación familiar está por encima de todos os concellos da provincia, e que hai paridade nas listas políticas, que cobran o mesmo homes que mulleres no mesmo posto e que na plantilla actualmente son 20 mulleres e 12 homes.

Que con base ao exposto, non pode apoiar a moción.

Sometido a votación o fondo da moción, resulta rexeitada por 6 votos do PP e 4 a favor (3 do BNG e 1 do PSOE)

B) ACTIVIDADE DE CONTROL

Rogos e Preguntas

Pregunta do BNG

PREGUNTA

REFERIDA ÁS ACTUACIÓNS DO CONCELLO CON RESPECTO Á RECUPERACIÓN DA CRUZ DE MAÚNFE

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Xa hai varios anos, desapareceu unha antiga cruz de cantería que levaba moitos anos situada ao carón dun camiño no barrio de Maúnfe, na parroquia de Francos. Esta cruz, que era moi coñecida entre a veciñanza da zona polas lendas que representaba, está perfectamente catalogada no inventario de bens patrimoniais do concello de Outeiro de Rei.

Dende o BNG temémosos que de non levar adiante as medidas oportunas, o futuro desta cruz remate igual que outros moitos bens patrimoniais do concello, é dicir, destruídos ou nos xardíns de persoas particulares.

Nestes anos, o BNG presentou distintas iniciativas para que o concello actuase nesa “desaparición” e fíxese as xestións necesarias para que ese ben patrimonial do noso concello volvесе ao lugar do que nunca tivo que saír.

Estes rogos e preguntas feitas ao respecto sempre se atoparon co silencio ou con manifestacións por parte do Alcalde dicindo que estaban “facendo as xestións oportunas”..

Dado que pasados xa case oito anos e nin a cruz volveu ao seu sitio nin por parte do concello deu ningún tipo de explicación ao respecto, dende o Grupo Municipal do BNG

facemos ante o Pleno as seguintes preguntas:





Concello de Outeiro de Rei

PREGUNTAS:

- Cales foron as actuacións que fixo o concello con respecto da recuperación da evandita Cruz de Maúufe?
- Cando vai volver a cruz ao lugar onde sempre estivo enclavada?

Contesta o sr. Alcalde que se fixeron averiguacións e saben que a Cruz está nunha propiedade privada, que nalgún intre caeu ó chan e o propietario tena gardada

C) ROLDA DE INTERVENCIÓNS LIBRES

Non hai asuntos

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

